

Práctica 5

Teño unha aula de informática reservada todo o curso. Ten unha pizarra dixital Smart e 18 equipos portátiles con prestacións suficientes para cargar calquera unidade de Descartes. Teñen unha disposición tradicional, o alumnado está colocado en varias filas mirando cara á pizarra . A aula conta cunha conexión ADSL de alta Velocidade.

Empreguei o descartes para os temas de Fraccións , porcentaxes, notación científica, potencias (incluíndo potencias de expoñente fraccionario)

As páxinas de Descartes empregadas, as follas de traballo utilizadas e os exames realizados podemos velos no seguinte enlace:

http://descartes.cnice.mec.es/eda/eda2009/descartes/galicia/materiais/vergara_francisco_jose_p3/index.html

A miña experiencia con Descartes na aula é un poco especial xa que a fixen con dous grupos de alumnos de reforzo

3º de ESO A con cinco alumnos (que quedaron en catro) repetidores. Xa os coñecía porque lles dera unha hora de reforzo o ano pasado e, ademáis de traballar pouco as matemáticas, tiñan un comportamento pouco axeitado para unha clase.

3º ESO B con 9 alumnos (8 deles repetidores e tres coas matemáticas de 2º da ESO pendentas) que tamén levaban mal as matemáticas o curso pasado. Deste curso só coñecía a unha alumna do reforzo do curso pasado.

Desde o primeiro día de clase estamos nunha aula de informática, con 18 portátiles e unha pizarra dixital Smart, tódalas sesións. Non sempre empregamos os ordenadores, aínda que sí a pizarra (é un invento estupendo, da moitísimo xogo a nivel didáctico).

Empreguei o descartes para os temas de Fraccións , porcentaxes, notación científica, potencias.

Os alumnos colleron con bo ánimo o traballo coas unidades de Descartes en primeiro lugar pola novidade (era a primeira vez que tiñan un ordenador para eles diariamente) e logo polo dinamismo e interactividade das páxinas – nada que ver coa natureza estática dos libros de texto -. O traballo de clase fíxoselles máis ameno que nunha clase tradicional, cada un podía ir ó seu ritmo, aínda que había unha certa competencia para ir máis adiante.

Proporcioneilles a todos unha copia das unidades de Descartes para que as instalaran nos seus ordenadores (non todos teñen conexión a internet) e puideran continuar na súa casa a experimentación con elas, agradecérono especialmente aqueles alumnos con maiores dificultades.

Os resultados da avaliación foron :

En 3ºA aprobaron 3 de 4

En 3ºB aprobaron 6 de 9

Para min a experiencia foi positiva xa que, ademais de que os alumnos tiveron unha aprendizaxe máis autónoma, os conceptos quedaron máis afianzados (en menos tempo) e o comportamento na clase mellorou substancialmente .

Conseguimos uns resultados que do xeito tradicional dificilmente conseguiríamos.

En principio estou disposto a seguir empregando as unidades de Descartes para a parte de Álgebra e Xeometría, nesta última empregaremos tamén o GeoGebra (do que xa coñecen algo polo tema da función lineal e afín que xa impartimos no 1º trimestre).

Neste 1º trimestre tamén empreguei Descartes para o tema de ecuacións e inecuacións con 1º de Bacharelato de CCSS nocturno e, seguirei empregándoo para o resto das unidades de funcións, límites e derivadas e estatística e probabilidade.